

EPAPU “Eduardo Pondal”
Departamento de Xeografía e Historia
Guía didáctica do Módulo 1 semipresencial
Ámbito Social
Curso 2024-2025

Horario titoría lectiva	Grupo tarde: luns 16:00 a 16:45 Grupo mañá: xoves 13:00 a 13:45
Horario titoría de orientación	Luns: 17:30 a 18:15 Venres: 10:45 a 12:15
Profesor	Juan Manuel Fernández Torres
Correo electrónico	jftorres@edu.xunta.gal
Teléfono do centro	881 960 901

1.- MATERIAIS E RECURSOS

- **AULA VIRTUAL:** os materiais empregados e mencionados na clase polo docente serán subidos á aula virtual da EPAPU Eduardo Pondal con regularidade.
- **LIBRO DE TEXTO:** empregaremos como referencia os materiais proporcionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia. **https:** www.edu.xunta.gal/portal/node/23204

Ámbito Social – Módulo 1– Unidades 1, 2, 3 e 4.

2. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Grupo mañá: xoves 13:00 a 13:45

1º CUADRIMESTRE		
DATAS	UNIDADES	CONTIDOS
11 setembro		Inicio das clases: presentacións
19 setembro	UD 1	Localización. A representación da Terra. Orixe da Terra.
26 setembro	UD 1	O relevo terrestre. Medio físico de Galicia e España.
3 outubro	UD 2	As actividades económicas. Sectores económicos. O sector primario.
10 outubro	UD 2	O sector secundario.
17 outubro	UD 2	O sector terciario.
24 outubro	UD 3	Prehistoria. O proceso de hominización.
7 novembro	UD 3	As primeiras civilizacións urbanas: Mesopotamia e Exipto
14 novembro		REPASO
21 novembro		1ª PROBA ESCRITA PARCIAL UD 1, 2 e 3 (parte)
28 novembro	UD 4	As civilizacións clásicas: Grecia
5 decembro	UD 4	As civilizacións clásicas: Grecia. Arte e cultura
12 decembro	UD 4	As civilizacións clásicas: Roma
19 decembro	UD 4	As civilizacións clásicas: Roma. Arte e cultura
9 xaneiro	UD 4	A entrada da Península Ibérica na Idade Antiga
16 xaneiro		REPASO
23 xaneiro		2º PROBA ESCRITA PARCIAL UD 4
24 xaneiro		Último día de clase da ESA 1º cuadrimestre
27 ao 31 de xaneiro		Exames oficiais finais
1 ao 3 de abril		Exames extraordinarios oficiais

Grupo tarde luns 16:00 a 16:45

1º CUADRIMESTRE		
DATAS	UNIDADES	CONTIDOS
11 setembro		Inicio das clases: presentacións
16 setembro	UD 1	Localización. A representación da Terra. Orixe da Terra.
23 setembro	UD 1	O relevo terrestre. Medio físico de Galicia e España.
30 setembro	UD 2	As actividades económicas. Sectores económicos. O sector primario.
7 outubro	UD 2	O sector secundario.
14 outubro	UD 2	O sector terciario.
21 outubro	UD 3	Prehistoria. O proceso de hominización.
28 outubro	UD 3	As primeiras civilizacións urbanas: Mesopotamia e Exipto
11 novembro		REPASO
18 novembro		1ª PROBA ESCRITA PARCIAL UD 1, 2 e 3
25 novembro	UD 4	As civilizacións clásicas: Grecia
2 decembro	UD 4	As civilizacións clásicas: Grecia. Arte e cultura
9 decembro	UD 4	As civilizacións clásicas: Roma
16 decembro	UD 4	As civilizacións clásicas: Roma. Arte e cultura
13 xaneiro	UD 4	A entrada da Península Ibérica na Idade Antiga
20 xaneiro		REPASO
24 xaneiro	Último día de clase da ESA 1º cuadrimestre	
27 ao 31 de xaneiro	Exames oficiais finais	
1 ao 3 de abril	Exames extraordinarios oficiais	

Grupo mañá xoves 13:00 a 13:45

2º CUADRIMESTRE		
DATAS	UNIDADES	CONTIDOS
13 febreiro		Inicio das clases: presentacións
20 febreiro	UD 1	Localización. A representación da Terra. Orixe da Terra. O relevo terrestre. Medio físico de Galicia e España.
27 febreiro	UD 2	As actividades económicas. Sectores económicos. O sector primario.
6 marzo	UD 2	O sector secundario. O sector terciario.
13 marzo	UD 3	Prehistoria. O proceso de hominización.
20 marzo	UD 3	As primeiras civilizacións urbanas: Mesopotamia e Exipto
27 marzo		1ª PROBA ESCRITA PARCIAL UD 1, 2 e 3
3 abril	UD 4	As civilizacións clásicas: Grecia
10 abril	UD 4	As civilizacións clásicas: Roma
24 abril	UD 4	As civilizacións clásicas: Grecia. Arte e cultura. Roma. Arte e cultura.
8 maio	UD 4	A entrada da Península Ibérica na Idade Antiga.
15 maio		2º PROBA ESCRITA PARCIAL UD 4
13 xuño		Último día de clase da ESA 1º cuadrimestre
20 ao 22 de maio		Exames oficiais finais
18 ao 20 de xuño		Exames extraordinarios oficiais

Grupo tarde luns 16:00 a 16:45

2º CUADRIMESTRE		
DATAS	UNIDADES	CONTIDOS
13 febreiro		Inicio das clases: presentacións
17 febreiro	UD 1	Localización. A representación da Terra. Orixe da Terra. O relevo terrestre. Medio físico de Galicia e España.
24 febreiro	UD 2	As actividades económicas. Sectores económicos. O sector primario.
10 marzo	UD 2	O sector secundario. O sector terciario.
17 marzo	UD 3	Prehistoria. O proceso de hominización.
24 marzo	UD 3	As primeiras civilizacións urbanas: Mesopotamia e Exipto
31 marzo		1ª PROBA ESCRITA PARCIAL UD 1, 2 e 3
7 abril	UD 4	As civilizacións clásicas: Grecia
28 abril	UD 4	As civilizacións clásicas: Roma
24 abril	UD 4	As civilizacións clásicas: Grecia. Arte e cultura. Roma. Arte e cultura.
5 maio	UD 4	A entrada da Península Ibérica na Idade Antiga.
12 maio		2º PROBA ESCRITA PARCIAL UD 4
13 xuño		Último día de clase da ESA 1º cuadrimestre
20 ao 22 de maio		Exames oficiais finais
18 ao 20 de xuño		Exames extraordinarios oficiais

3. AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os instrumentos de avaliación empregados serán probas escritas (exames) parciais, finais ou extraordinarias. A cualificación do cuadrimestre será a dos exames. Non obstante, poderá reservarse ata un 10% da nota en traballos e exercicios propostos, en función da dispoñibilidade de elementos avaliábeis.

De xeito habitual, realizaranse **dúas probas parciais por cuadrimestre** e, no caso de aprobalas, o alumnado quedará exento da proba final. En caso de non acadar a cualificación de suficiente nestes parciais, o alumnado terá que facer a **proba final**. Contará tamén cunha **proba extraordinaria por cada cuadrimestre**.

No primeiro cuadrimestre a proba escrita final ordinaria será a finais de xaneiro e inicios de febreiro (observar cadros) e no segundo cuadrimestre no mes de maio. Asimesmo, os que suspendan no 1º cuadrimestre terán unha convocatoria extraordinaria en abril e os do 2º cuadrimestre disporán dunha convocatoria extraordinaria en xuño. As datas da proba ordinaria e extraordinaria serán fixadas pola xefatura de estudos.

A cualificación do módulo será a nota media obtida nas probas parciais ou no exame final oficial ou na última instancia no exame extraordinario. Pódese reservar un 10% para cualificar traballos e exercicios.

A asistencia á clase é obrigatoria e será motivo de perda do dereito de avaliación continua. Á hora de facer o exame figurará o valor de cada pregunta ou exercicio entre paréntese. O exame poderá combinar diferentes tipos de preguntas: preguntas breves, definicións, preguntas tipo test...

4.- CONTIDOS MÍNIMOS

Considéranse requisito imprescindible para aprobar a materia amosar unha boa disposición cara á materia, con esforzo e interese persoal, que fagan posible a consecución de destrezas e

coñecementos nos distintos aspectos de cada tema, que a continuación se enumeran:

-Saber expoñer coherentemente oralmente e por escrito as ideas, con corrección léxica, ortográfica e gramatical.

-Saber buscar información utilizando información de fontes variadas, incluídas as TICs.

-Utilizar adecuadamente o vocabulario específico dos distintos temas estudados.

-Análise e comentario de documentos históricos: textos, gráficos, estatísticas e mapas.

-Identificación e interpretación de distintos tipos de mapas, gráficos, imaxes de contido xeográfico, histórico ou artístico.

-Diferenciación entre as causas e as consecuencias dun feito xeográfico ou histórico.

-Elaboración de eixos cronolóxicos e/ou ordenación cronolóxica de feitos históricos.

-Interrelación de factores (multicausalidade) cando se desenvolve a análise dun fenómeno histórico.

-Localización e explicación das ideas contidas nun documento de carácter histórico.

-Coñecementos dos trazos demográficos, económicos, sociais, políticos e culturais das distintas etapas históricas traballadas.

-Establecemento de diferenzas ou semellanzas entre modelos económicos, sociais ou políticos, así como entre fenómenos, acontecementos ou procesos históricos.

-Aplicación dos principios democráticos de respecto e tolerancia cara aos compañeiros e compañeiras e cara ao profesor/a nas relacións existentes dentro da aula.

-Establece semellanzas e diferenzas entre as formas de vida das distintas sociedades do pasado traballadas.